

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 13 DE XULLO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se lle concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro a Miguel Ángel Blanco Garrido, Isabel Castelo D'Ortega, Aníbal Cavaco Silva e José Manuel Romay Beccaría.
- Decreto polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se modifica o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeita a regulación harmonizada da prestación do servizo de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia (tres lotes), polo importe de licitación de trece millóns cincocentos oitenta e cinco mil oitenta e sete euros con oitenta e un céntimos (13.585.087,81 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de trinta e tres millóns catrocentos un mil trescentos corenta e nove euros con oitenta e dous céntimos de euro (33.401.349,82 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Oleiros para a execución da rotonda de enlace da estrada AC-173 coa estrada DP-5812.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías ás entidades colaboradoras que participarán na xestión de axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 €, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (liña pequenas empresas), por un importe total de dous millóns cento cincuenta mil euros (2.150.000 €).
- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías ás entidades colaboradoras que participarán na xestión de axudas para a bonificación dos custos do financiamento dos autónomos e as microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 €, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (liña microempresas), por un importe total de catrocentos mil euros (400.000 €) e autorizar a sinatura do devandito convenio de colaboración por un importe total de cen mil euros (100.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Biomédica Galicia Sur para o desenvolvemento de programas de I+D+i Biosanitario, por un importe de douscentos noventa e cinco mil euros (295.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Profesor Novoa Santos para o desenvolvemento de programas de I+D+i Biosanitario, por un importe de douscentos corenta e tres mil euros (243.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez para o desenvolvemento de programas de I + D + i Biosanitario, por un importe de trescentos sete mil euros (307.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Agencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para o desenvolvemento de programas de I + D + i, por un importe de catrocentos vinte e cinco mil euros (425.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por un importe de seiscentos noventa e oito mil cincocentos euros (698.500 €).
- Acordo polo que se acepta a cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Silleda feita a título gratuito polo Concello de Silleda (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se acepta a cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Touro feita a título gratuito polo Concello de Touro (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Brión feita a título gratuito polo Concello de Brión (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Boiro feita a título gratuito polo Concello de Boiro (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de acción de saúde pública no campo do VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual realizados en Galicia por entidades privadas sen ánimo de lucro, por un importe total de trescentos noventa mil euros (390.000 €).

CONSELLERÍA DE MAR

- Acordo polo que se autoriza a contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia, por un importe total de trinta e dous millóns novecientos catorce mil euros (32.914.000 €) e un valor estimado por importe de cincuenta millóns novecientos dezaseis mil euros (50.916.000 €).

INFORME

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa integral de impulso da Compra Pública Innovadora e lanzamento da segunda convocatoria.
- Informe sobre o contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o desenvolvemento de programas de I + D + i Biosanitario.
- Informe sobre o contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e o Instituto Español de Oceanografía (IEO) para o desenvolvemento de programas de I + D + i, nos centros oceanográficos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o balance do proxecto Conecta Fiction, Mercado de Televisións en Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe da convocatoria das axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2017.

O CONSELLO DA XUNTA CONCÉDELLES A MEDALLA DE OURO DE GALICIA A MIGUEL ÁNGEL BLANCO, ISABEL CASTELO, ANÍBAL CAVACO SILVA E JOSÉ MANUEL ROMAY BECCARÍA

- *A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 24 de xullo nun acto solemne*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se lle concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, a Miguel Ángel Blanco Garrido, Isabel Castelo D'Ortega, Aníbal Cavaco Silva e José Manuel Romay Beccaría.

Miguel Ángel Blanco Garrido

Nacido en Ermua pero descendente dun galego de Xunqueira de Espadañedo e dunha galega da Merca. Licenciado en Económicas, traballou como albanel e exerceu como economista nunha consultaría de Eibar.

Iniciou a súa andadura política con 27 anos e foi concelleiro na súa localidade natal, decisión que o puxo no punto de mira de ETA. En xullo de 1997 foi secuestrado e asasinado por esta banda terrorista. Os seus restos mortais repousan desde hai unha década no cemiterio da Merca, en Ourense.

Miguel Ángel Blanco é un símbolo da liberdade e da democracia.

Isabel Castelo D'Ortega

Galega da Coruña, foi cantante profesional da ópera, profesión que deixou para dedicarse á empresa.

É a actual presidenta executiva do Grupo Seguros Ocaso e tamén preside outros consellos de administración.

Ademais da súa faceta empresarial, tamén serve a Galicia desde a actividade benéfica. Así, colabora coa asociación de persoas con discapacidade AspadiSol, do concello coruñés de Oleiros; contribuíu a soste o Aquarium Finisterrae da Coruña e cando sucedeu o desastre do Prestige recadou fondos desde a Fundación Arao.

O seu carácter solidario xa fora recoñecido por Unicef, a Cruz Vermella e a Asociación Española contra o Cancro e conta coa Gran Cruz da Orde do Mérito Civil e a Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo.

Aníbal Cavaco Silva

Nacido no Algarve, en Portugal, estudou no Instituto Superior de Ciencias Económicas e Financeiras de Lisboa. Despois de doutorarse en Economía, iniciou a súa carreira política. Neste eido, Cavaco Silva, exerceu como ministro de Finanzas do Goberno de Sá Carneiro e foi primeiro ministro de Portugal entre 1985 e 1995. Posteriormente, entre 2006 e 2016, foi presidente de Portugal.

Contribuíu a estreitar os lazos entre Galicia e Portugal. Baixo a súa presidencia fortaleceuse a cooperación transfronteiriza e tamén se estreitaron os vínculos de Galicia coa lusofonía.

José Manuel Romay Beccaría

Galego de Betanzos, licenciado en Dereito con Premio Extraordinario de Fin de Carreira e doutor en Dereito. Con só 25 anos chegou, por oposición, a ser letrado do Consello de Estado.

Foi vicepresidente do primeiro Goberno autonómico de Galicia e serviu á comunidade como presidente da Deputación da Coruña entre 1987 e 1990. Tamén foi conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Forestal e conselleiro de Sanidade da Xunta. Posteriormente, foi ministro de Sanidade. Hoxe en día, preside o Consello de Estado, institución na que iniciou a súa carreira.

Posúe distincións como a Gran Cruz da Orde de Carlos III, de Isabel la Católica, do Mérito Civil e da Orde de San Raimundo de Peñafort.

A XUNTA FORMARÁ EN IGUALDADE E PREVENCIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO O PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN GALEGA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto para a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración galega*
- *A Xunta garante unha formación, tanto básica como especializada, progresiva e permanente en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, para a totalidade dos empregados e empregadas públicos*
- *Os contidos que se impartirán abordan materias como igualdade de xénero, mainstreaming, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual ou acoso sexual, entre outros*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de decreto que regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da nosa Comunidade, que é pioneira a nivel estatal no compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e en contra da violencia de xénero.

O decreto regula a formación en xénero da totalidade do persoal da Administración pública e sitúa a nosa Comunidade na primeira liña no uso de ferramentas e desenvolvemento de boas prácticas dirixidas a cimentar un patrón igualitario entre mulleres e homes.

Dáse así cumprimento á Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que establece que a Xunta garantizará, nos termos que se establezan regulamentariamente, e promoverá, mediante os instrumentos necesarios, a formación en igualdade de todos e todas as profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero. En especial, dos e das profesionais da sanidade, dos servizos sociais, educativos, das forzas e corpos de seguridade e das operadoras e operadores xurídicos, mediante o deseño de programas específicos de formación en materia de violencia de xénero e poñéndoo á disposición de calquera ente, organismo ou departamento, e da sociedade en xeral, para a súa aplicación nas diversas accións formativas.

Desta maneira, todo o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, o persoal docente, o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o persoal ao servizo da Administración de xustiza e o persoal funcionario do corpo de Policía autonómica, serán formados neste eido. Ademais, no caso do persoal de novo ingreso que acceda á condición de persoal funcionario de

carreira ou laboral fixo da Administración xeral, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento terán carácter obrigatorio.

Os contidos que se impartirán na formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero abordan materias a como igualdade de xénero, *mainstreaming*, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres.

O decreto establece tres niveis de coñecemento, básico, medio e superior. O nivel básico acreditará unha competencia inicial que permita a inclusión progresiva do principio de igualdade nos procesos habituais de traballo. O nivel medio acreditará unha competencia que permita integrar o enfoque de xénero en ámbitos como subvencións, contratos, produción normativa ou xestión administrativa, e o coñecemento e comprensión da violencia de xénero; e o nivel superior, acreditará unha competencia alta que permita o coñecemento e a aplicación práctica do enfoque integrado ou *mainstreaming* de xénero.

A Xunta adoptará as medidas necesarias para garantir unha formación, tanto básica como especializada, progresiva e permanente en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, e asegurará un coñecemento práctico suficiente que permita a integración efectiva da perspectiva de xénero na totalidade da actuación administrativa. A Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a consellería competente en materia de formación do profesorado, así como calquera outra entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de formación do persoal, elaborarán e executarán plans de formación anuais en materia de igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero.

A XUNTA MODIFICA O DECRETO QUE REGULA O OBSERVATORIO GALEGO DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA PARA FACELO MÁIS PARTICIPATIVO E PLURAL

- *Incorpora o Consello Económico e Social de Galicia así como os distintos grupos políticos que conforman o arco parlamentario galego*
- *Adscrito á Consellería de Política Social, actuará como órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía no ámbito da Comunidade Autónoma*

A Consello da Xunta aprobou esta mañá a modificación do decreto que regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica co obxectivo de convertelo nun instrumento máis participativo e plural. Tras a modificación pasarán a formar parte deste órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía no ámbito da nosa comunidade o Consello Económico e Social de Galicia, así como un representante de cada un dos grupos políticos que forman parte do Parlamento galego.

Ademais destas incorporacións, refórzase a maioría exixida para a toma de acordos, que pasa de ser “a maioría dos membros presentes” á “maioría de 3/5 dos membros”. Así mesmo, incorporan dúas modificacións máis referidas a Vicepresidencia do Observatorio e a Secretaría. Para o primeiro, substitúese a persoa titular da dirección xeral competente en materia de dinamización demográfica, por unha persoa que, formando parte do observatorio, pertenza ao mundo académico ou ás distintas forzas sociais e económicas na procura de dotar estes ámbitos de maior visibilidade. Para o caso da Secretaría, o Decreto 104/2016 establecía que lle correspondía a unha persoa funcionaria adscrita á dirección xeral competente en materia de dinamización demográfica e, na modificación proposta, pasa a ser desempeñada de forma rotatoria e cunha periodicidade semestral por unha persoa funcionaria pertencente ao Consello Económico e Social de Galicia e por outra persoa funcionaria pertencente á Consellería de Política Social. A derradeira modificación ten que ver coa sede, que se traslada ao Consello Económico e Social de Galicia, como un símbolo da vocación de pluralidade e consenso con que nace este órgano.

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica nace co propósito de asesorar ás administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia na incorporación da perspectiva demográfica, ao tempo que serve de canle de divulgación da información de interese desde o punto de vista demográfico na consideración de que a situación de cambio demográfico e a xestión dos desafíos que derivan dela é un dos grandes retos a que se enfronta na actualidade o conxunto da sociedade galega.

O Observatorio adscíbese á Consellería de Política Social e contará cun presidente/a, cun vicepresidente/a, cun secretario/a e vogais en representación das administracións públicas, entes, entidades e axentes sociais. As súas funcións serán as de recompilar, analizar e intercambiar información relevante desde o punto de vista demográfico; definir e aplicar indicadores que permitan medir as variables demográficas, con especial atención ao fenómeno da exclusión territorial ou á singularidade e especificidade dos impactos do cambio demográfico en Galicia; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten de interese desde o punto de vista demográfico; promover a produción de material documental de interese; identificar as iniciativas en materia de dinamización demográfica, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma como no do Estado, da Unión Europea e das distintas axencias das Nacións Unidas; e formular propostas e recomendacións para ser consideradas na configuración das liñas estratéxicas da acción pública de Galicia.

Así mesmo, o Observatorio realizará un seguimento permanente da evolución das dinámicas demográficas, das accións desenvolvidas e dos avances acadados; promoverá foros de discusión e debate; elaborará un informe anual sobre a situación demográfica en Galicia e fomentará calquera outra actuación que se considere necesaria en relación coa dinamización demográfica.

A creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica non comportará custo económico ningún, toda vez que os membros do Observatorio exercerán as funcións inherentes á dita condición de maneira gratuíta.

Programa de apoio á natalidade

O Observatorio constitúe unha peza máis das distintas actuacións que a Xunta de Galicia está a desenvolver en materia de dinamización demográfica. Entre elas destaca o Programa de apoio á natalidade (PAN), que ten tres eixos fundamentais: PAN Axudas, PAN Concilia e PAN Servizos.

No primeiro eixo –PAN Axudas- enmárcase a Tarxeta Benvida, que inclúe outras medidas compatibles como a dedución fiscal por nacemento ou o pagamento único por neno ou nena menor de tres anos.

Na liña do PAN Concilia inscríbense, por exemplo, o incremento de prazas sustentadas con fondos públicos en escolas infantís a través do Bono Concilia ou o Bono Coidado, a posta en marcha de casas niño no rural ou a creación de escolas infantís en polígonos industriais.

No PAN Servizos enmárcanse recursos e servizos para as familias galegas co obxecto de crear contornos favorables e mellorar o seu benestar no momento de chegada dun fillo ou filla e acompañalas dun xeito integral, como a creación dun banco de leite

materno ou a posta en marcha do fogar dixital para acompañar o embarazo e a chegada dun fillo/a.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO CONTRATO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS QUE INCLÚE 74 CENTROS

- *O contrato conta cun orzamento de 6,8 millóns de euros anuais, cunha duración de 24 meses, e está previsto que entre en vigor o 1 de decembro de 2017. Pode ser prorrogable outros 24 meses máis*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia por unha duración de 24 meses, está previsto que entre en vigor o 1 de decembro de 2017 e pode ser prorrogable outros 24 meses máis.

En consideración coas peticións formuladas polas asociacións de pequenas e medianas empresas, reformúlase, agora, esta nova licitación que pasa a cingirse, basicamente, aos centros administrativos xa incluídos no contrato vixente, deixando fóra, para a súa contratación independente, máis dos 156 centros que estaban nas previsións iniciais.

Esta nova configuración, unida á división da presente licitación en tres lotes, facilitará o acceso das pequenas e medianas empresas. O contrato así resultante terá por obxecto a limpeza de 305.581 m² distribuídos en 74 centros, cun orzamento de licitación de 6,8 millóns de euros anuais.

O aforro anual consolidado do contrato centralizado do servizo de limpeza dos edificios administrativos da Xunta de Galicia ascende, na actualidade, a 1,3 millóns de euros anuais.

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS COMPETENCIAS AUTONÓMICAS NA ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

- *O principal obxectivo é clarificar e unificar o réxime que debe resultar de aplicación na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, adecuando o marco normativo autonómico, regulando o réxime de usos nesta zona, diferenciando entre as actuacións obxecto de autorización autonómica e declaración responsable das non suxeitas e as prohibidas*
- *Incorpora a regulación da tramitación electrónica, tanto da autorización autonómica como da presentación da declaración responsable, a través dos respectivos formularios*
- *A partir da distinción dun réxime de protección distinto ás praias en función da súa situación en tramo natural ou urbano establécense criterios axeitados para a implantación dos establecementos expendedores de comidas e bebidas ao servizo da praia, e tamén a autorización para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

O obxectivo principal desta disposición regulamentaria é clarificar e unificar o réxime que debe resultar de aplicación na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, adecuando o marco normativo autonómico, regulando o réxime de usos na devandita zona, así como a determinación pormenorizada dos procedementos de outorgamento da autorización autonómica e, de ser o caso, da presentación da declaración responsable, en función da actuación que se vaia a desenvolver.

O novo decreto suporá a derogación do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre (DOG nº115, do 16 de xuño).

Estas circunstancias aconsellan un novo tratamento da materia que facilite de forma clara, eficaz e transparente aos interesados o coñecemento nos procedementos, trámites e dereitos que faciliten o seu uso á vez que a súa defensa e conservación, dado que falamos dun ámbito especialmente sensible, como é o territorio; e que, partindo da regulación básica estatal de mínimos, desenvolva de xeito completo e innovador todos os aspectos que inciden na materia, ofrecendo solucións eficaces ás necesidades detectadas no tempo transcorrido e tendo en conta a experiencia acumulada.

Entre as novidades que se poden destacar está o feito de que se introduce a regulación da figura da “declaración responsable” prevista na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, para a realización de determinadas obras de reparación, mellora, modernización ou consolidación en edificacións existentes.

Incorpora como novidade a tramitación electrónica, tanto da autorización autonómica como da presentación da declaración responsable, a través de dous formularios, e regúlanse os mecanismos para a comprobación de datos, os trámites administrativos posteriores á solicitude, así como as notificacións electrónicas.

Tamén o novo decreto terá en conta o réxime de protección distinto das praias en función da súa situación en tramo natural ou urbano, polo que establece os criterios para a implantación dos establecementos expendedores de comidas e bebidas ao servizo da praia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, sempre co respecto á normativa estatal básica. Así, regúlanse os prazos de duración da tempada de verán (do 1 de xuño ao 30 de setembro); os prazos para a presentación da solicitude da autorización (primeiro trimestre do ano natural), e, no outorgamento das autorizacións, terase en conta o criterio de prioridade na súa presentación, agás criterios de utilidade pública.

Por último, outra das novidades é que se regularán as autorizacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas e estableceranse as definicións de espectáculos públicos e de actividades recreativas e deportivas.

Composición do novo regulamento

O novo decreto estrutúrase en 6 capítulos. O primeiro, relativo ás disposicións xerais, regula o seu obxectivo e ámbito de aplicación. O capítulo II recolle a regulación dos usos e actuacións que poderán levarse a cabo na zona da servidume de protección que, como consecuencia das limitacións legais impostas á propiedade, configuran o réxime xurídico destes terreos lindeiros co dominio público marítimo terrestre, que prohibe determinadas actividades, permite libremente outras e somete os restantes a un réxime de autorización administrativa ou, se é o caso, declaración responsable, segundo o establecido na lexislación básica en materia de costas.

O capítulo III refírese aos procedementos de outorgamento das autorizacións; nas súas seccións recóllense as distintas características na tramitación do procedemento, segundo o obxecto da autorización formulada.

O capítulo IV detalla o procedemento da tramitación administrativa das obras que, por imperativo legal (disposición transitoria cuarta e artigo 13 bis, da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas), requiren para a súa realización dunha declaración responsable do interesado.

O capítulo V refírese á prelación da autorización autonómica dado que, como consecuencia do ámbito de especial protección que regula, así como do réxime taxado dos usos legalmente establecidos, calquera tipo de actuación permitida de edificación e uso do solo requirirá do preceptivo título habilitante municipal e, en consecuencia, dunha concorrencia de títulos administrativos.

Por último, o capítulo VI ocúpase da regulación dos procedementos aos que deben someterse, no exercicio da potestade sancionadora, os órganos competentes da Administración autonómica, en materia de disciplina urbanística no ámbito da servidume de protección; distinguindo dous tipos de procedementos perfectamente compatibles e non excluíntes, como son o procedemento sancionador e o procedemento de reposición da legalidade.

Necesidade dunha actualización

O Decreto 199/2004, do 29 de xullo, regulou por primeira vez as competencias autonómicas na zona de servidume de protección, de conformidade cos criterios sentados pola doutrina constitucional: formas e procedementos para a execución das competencias que, en materia de costas, corresponde á Comunidade Autónoma.

Non obstante, a súa aplicación evidenciou deficiencias, e foi derogado e substituído polo Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Desde o ano 2005, promulgáronse diversas normas que, necesariamente, han de terse presentes tanto na redacción como na posterior aplicación deste decreto. Así, a aprobación definitiva do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aprobou o Plan de ordenación do litoral; a Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral, e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; o Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas; e no ámbito da lexislación procedemental, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, tamén hai que ter en conta o réxime xurídico aplicable no solo rústico de protección de costas de resultas da aprobación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; e do seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO CO CONCELLO DE OLEIROS PARA A EXECUCIÓN DUNHA GLORIETA EN SANTA CRUZ, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 590.000 EUROS

- *A Xunta financiará integramente as obras de construción dunha rotonda de enlace entre a AC-173 e a estrada DP-5812, destinada a incrementar a seguridade viaria do ámbito e ordenar o tráfico*
- *A actuación consistirá na substitución do cruzamento semaforizado actual por unha glorieta, na ampliación de beirarrúas, creación de aparcadoiros e reordenación das paradas de autobús*
- *O Concello de Oleiros asumirá a titularidade desta estrada, autonómica no treito entre Perillo e Santa Cruz*

O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio para a execución dunha glorieta no concello de Oleiros, que servirá para reordenar a intersección no núcleo de Santa Cruz, entre as estradas AC-173 (Perillo (rotonda de Sta. Cristina)-Mera (Paseo Marítimo)) e a DP-5812 (estrada da Deputación Provincial da Coruña de Santa Cruz a Meirás).

Con este acordo, o Goberno galego, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, subvencionará a execución desta actuación, que contará cun orzamento de máis de 590.000 euros.


Esta actuación busca dar solución á problemática que existe no dito cruzamento, tendo en conta os tráfico rodado, peonil e o desenvolvemento urbano da zona. Para iso, o municipio coruñés de Oleiros redactou un proxecto construtivo no cal se inclúen as seguintes accións:

- A execución dunha glorieta no cruzamento, que actualmente está semaforizado e conta con carril central para a realización dos xiros á esquerda.
- Ampliación das beirarrúas nos puntos estreitos e execución de beirarrúa na marxe dereita da AC-173 (coñecida como rúa Concepción Arenal), nos terreos ocupados pola antiga estación de servizo.
- Dúas pequenas zonas de aparcadoiro nos espazos sobrantes.
- Desprazamento da parada de bus da AC-173 en sentido Bastiagueiro, para que quede enfrontada coa parada en sentido Santa Cruz.

Así mesmo, o Concello ten solicitado a transferencia de titularidade da AC-173, concretamente, no treito entre Perillo e Santa Cruz, para a racionalización das titularidades da rede viaria, o que é coherente co seu tránsito ao longo de treitos urbanos e ademais favorecerá a explotación da infraestrutura desde o punto de vista municipal.

Pola súa banda, o Concello de Oleiros, que ten redactado o proxecto construtivo en que se define a reordenación da intersección, contratará e executará as obras.

A Administración local comprométese a asumir a titularidade da AC-173 no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 (Perillo) e 4+460 (intersección coa rúa Río Seixo) de xeito previo á licitación da obra. O decreto para o cambio de titularidade deste treito da AC-173 será elevado nas próximas semanas ao Consello da Xunta para a súa aprobación.



Por outra banda, a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto acometer nas vindeiras semanas, de xeito previo á formalización do cambio de titularidade, unha rehabilitación completa do firme no tramo da estrada AC-173 comprendido entre os puntos quilométricos 2+950 (glorieta do centro comercial Haley) e 4+300 (ao final da travesía de Santa Cruz).

A esta actuación hai que engadirle a rehabilitación completa que levará a cabo Augas de Galicia no primeiro quilómetro da estrada no marco das obras de optimización do funcionamento dos bombeos do Temple e A Pasaxe, mediante a construción dun sifón na ría do Burgo, Oleiros (A Coruña), que contan cun orzamento que supera os 2,1 de millóns de euros.

O conxunto destas obras previstas polo Goberno autonómico entre Perillo e Santa Cruz permitirán que o tramo se atope nun estado de conservación adecuado para o seu cambio de titularidade.

A XUNTA MOBILIZARÁ 55 MILLÓNS DE EUROS EN FINANCIAMENTO PARA 600 PROXECTOS DE PEQUENAS EMPRESAS, AUTÓNOMOS E EMPREENDEDORES

- *Este programa de apoio financeiro da Consellería de Economía, Emprego e Industria céntrase nesta convocatoria en favorecer o acceso ao crédito bancario das compañías de menos de 50 traballadores*
- *Para as pequenas firmas bonificaranse xuros e comisións financeiras de préstamos de máis de 25.000 euros e para microempresas serán de ata 25.000 euros e accederán tamén a unha axuda directa do 15 % sobre o tramo do crédito destinado a activos fixos*
- *Os apoios incrementáanse para iniciativas impulsadas por autónomos, emprendedores ou pequenas empresas do sector industrial*
- *O Goberno galego aprobou a través da convocatoria do ano pasado 343 proxectos, pertencentes a compañías con preto de 1800 traballadores que mobilizaron préstamos que roldan os 34 millóns de euros*
- *Esta iniciativa enmárcase no programa Galicia 1000 co que a Xunta busca dar unha resposta coordinada ás necesidades financeiras reais dos autónomos, emprendedores e pequenas e medianas empresas para que ningún proxecto viable quede sen realizar*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsará a través do Programa de apoio financeiro do Igape a mobilización de 55 millóns de euros en préstamos bancarios para financiar 600 proxectos de autónomos, emprendedores, microempresas e pequenas empresas, un 75 % máis que na anterior convocatoria. Trátase de facilitar ás compañías de menos de 50 traballadores o acceso ao crédito bancario para investimentos ou circulante asociado.

O programa, que hoxe aprobou o Consello da Xunta e que se activará proximamente, enmárcase no Galicia 1000, co que a Xunta busca dar unha resposta coordinada ás necesidades financeiras reais dos autónomos, emprendedores e pequenas e medianas empresas para que ningún proxecto viable quede sen desenvolver por falta de apoio económico. Este ano, como novidade, ponse o foco nas pequenas empresas de menos de 50 traballadores que xunto coas microempresas e os autónomos, adoitan ter maiores dificultades para acceder ao financiamento bancario.

Con respecto aos apoios para as pequenas empresas con menos de 50 traballadores, dotado con máis de 2,1 millóns, bonificaranse xuros e custos financeiros de préstamos de máis de 25.000 euros. A bonificación será de 1,5 puntos con carácter xeral e elevarase ata o 2 % nos proxectos impulsados por autónomos, emprendedores ou pequenas empresas do sector industrial.

Para as microempresas con menos de 10 empregados, unha actuación que conta cun orzamento de 500.000 euros, bonificaranse xuros e comisións de préstamos de menos de

25.000 euros, e concederáse igualmente máis porcentaxe de bonificación nos proxectos industriais e nos promovidos por autónomos e emprendedores. Neste caso, os beneficiarios accederán, ademais, a unha axuda directa do 15 % sobre o tramo do crédito destinado a financiar activos fixos.

A Xunta aprobou o pasado ano, a través deste programa de axudas, 343 proxectos que mobilizaron préstamos por case 34 millóns de euros para empresas que suman arredor de 1800 traballadores.

Na liña de apoio financeiro ás pemes, contan con proposta favorable 236 proxectos (un 42% pertencen a autónomos) con préstamos mobilizados que suman 31,7 millóns de euros. As empresas beneficiarias, neste caso, empregan preto de 1600 traballadores. Na liña de microcréditos dispoñen de proposta favorable 107 proxectos con préstamos mobilizados que roldan os 2 millóns de euros, as compañías beneficiarias suman máis de 200 traballadores. Neste caso, o 75% dos plans aprobados pertencen a autónomos.

Co Galicia 1000, o programa en que se enmarca a actuación aprobada hoxe, a Xunta prevé este ano apoiar máis de 3000 empresas e mobilizar 426 millóns de euros en investimentos, tras axudar máis de 5000 compañías nas tres primeiras edicións. Esta iniciativa apoia con especial atención os proxectos mediante préstamos directos, participativos ou bonificados, xa que os investimentos son fundamentais para consolidar o crecemento e a xeración de emprego. Na convocatoria deste ano pónse o foco na creación de novas empresas por parte de emprendedores e no crecemento das pemes no ámbito da Industria 4.0.

A XUNTA IMPULSA CON 3,2M€ A COMPETITIVIDADE E A CAPTACIÓN DE TALENTO NOS CENTROS DE COÑECEMENTO GALEGOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria pon en marcha contratos programa para favorecer a consolidación e a potenciación de liñas estratéxicas de investigación nos centros tecnolóxicos e de apoio á innovación, fundacións sanitarias, no CSIC e no Instituto Español de Oceanografía*
- *Este tipo de apoios achega financiamento estable e promoverá a excelencia científico-técnica e a posta en valor da investigación, ao tempo que impulsa a colaboración co tecido empresarial*
- *Os centros beneficiados empregan a máis de 1800 persoas, realizan anualmente máis de 700 proxectos de I+D+i e prestan servizo a máis de 2500 empresas*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), destina 3,2 millóns de euros para impulsar a competitividade e a captación e retención de talento nos oito centros tecnolóxicos galegos e de apoio á innovación nas fundacións sanitarias, así como no Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e no Instituto Español de Oceanografía (IEO).

Estes apoios póñense en marcha a través de contratos programa, que achegan financiamento estable vinculando a achega pública aos resultados obtidos por cada centro en transferencia de coñecemento ou captación de fondos competitivos.

Por unha banda, en xuño activouse unha convocatoria cunha dotación de 1,87 millóns de euros, destinada aos seis centros tecnolóxicos galegos e dous centros de apoio á innovación recoñecidos pola súa excelencia no rexistro estatal do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Estes centros son Aimen, o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), Anfaco-Cecopesca, o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), Energylab, o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim) e o Centro Tecnolóxico da Auga (Cetaqua).

De forma paralela, a Consellería destina 1,34 millóns de euros á sinatura de contratos-programa cos centros de investigación sanitaria da Fundación de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez; a Fundación Profesor Novoa Santos, a Fundación Biomédica Galicia Sur, e a fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, así como cos centros galegos do Instituto Español de Oceanografía e do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Promóvese así a excelencia científico-técnica e a posta en valor do coñecemento, impulsando tamén a colaboración co tecido empresarial para potenciar o impacto na competitividade das empresas e o crecemento da economía galega. Ademais, a través

dos contratos programa axúdase aos diferentes centros a orientar a súa estratexia a medio prazo e potenciar as principais liñas de investigación.

Esta actuación encádrase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3), e ten como finalidade a consolidación dos centros de coñecemento a través do funcionamento dos seus gastos estruturais.

Os centros beneficiados empregan a máis de 1.800 persoas, realizan anualmente máis de 700 proxectos de I+D+i e prestan servizo a máis de 2.500 empresas. Os contratos programa son unha fórmula que garante a súa competitividade e que implica o cumprimento de exigentes indicadores de xestión e de resultados por parte de cada centro para determinar as súas dotacións. Configúranse así como unha vía con gran potencial para a atracción e retención de talento mediante actuacións centradas no capital humano, na liña de programas como o Oportunus ou o Principia.

GALICIA REALIZOU UN TOTAL DE 232 TRANSPLANTES DE MEDULA ÓSEA CON PERSOAS NON EMPARENTADAS DESDE O ANO 2008

- *O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Sergas e a Fundación Josep Carreras para fomentar a doazón de medula ósea e mellorar a atención dos pacientes que precisen dun transplante de proxenitores hematopoéticos*
- *En Galicia, 2.272 persoas fixéronse doadoras de medula ósea en 2016, o que representa un aumento do 41% con respecto ao ano anterior*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue e a Fundación Josep Carreras, por un importe de 698.500 euros. O seu obxectivo é fomentar a doazón de medula ósea e mellorar a atención dos pacientes que precisen un tratamento con transplante destas células.

O Sergas realizou un total de 232 transplantes de medula ósea con persoas non emparentadas entre si desde que se empezaron a facer nesta comunidade, no ano 2008. Destes, 22 realizáronse durante o pasado ano 2016.

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado. Os transplantes autólogos son aqueles nos cales se usan as células do propio paciente; neles realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles en que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles (algo que só sucede nun 25-30% dos casos) e os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles en que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia.

Cando isto sucede, recórrase aos rexistros nacionais de doadores non emparentados e de unidades de sangue de cordón umbilical, de forma que, cando un paciente necesita un transplante e non ten un familiar compatible, recorre ao Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

No caso de non atopar un doador nel, o REDMO conecta de forma automática co resto de rexistros internacionais de doadores de medula ósea e bancos de sangue de cordón umbilical, que agrupa a través do Bone Marrow Donors Worldwide (BMDW). En España isto faise a través da Fundación Josep Carreras.

En Galicia, 2.272 persoas fixéronse doadoras de medula ósea en 2016, o que representa un aumento do 41% con respecto ao ano anterior.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE SILLEDA, TOURO, BRIÓN E BOIRO

- *Pertencen ao grupo de 18 centros de saúde dos cales o Sergas está a asumir os gastos no eido do Pacto Local*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión dos terreos e o inmovible do centro de saúde de Silleda, na provincia de Pontevedra, e dos de Touro, Brión e Boiro, na provincia da Coruña.

Todas as cesións son iniciadas de forma voluntaria e están feitas a título gratuíto polos respectivos concellos a favor do Servizo Galego de Saúde. Estas cesións pertencen ao grupo dos 18 centros de saúde dos que o Sergas anunciou hai unhas semanas que asumiría os gastos de mantemento.

Datos por centros

Para o ano 2017, a estimación do custo de mantemento do centro de saúde de Silleda, que ten unha superficie total construída de 1.996,20 metros cadrados e ascende a 72.642,30 euros. No caso do centro de saúde de Touro, a superficie total construída é de 453 metros cadrados e a estimación do custo de mantemento para este ano ascende a 25.115,06 euros.

O centro de saúde de Brión ten unha superficie total construída de 557,88 metros cadrados, cunha estimación total do custo de mantemento para 2017 de 34.244,22 euros.

Pola súa banda, a estimación do mantemento do centro de saúde de Boiro para este ano é de 102.373,26 euros; a edificación conta cunha superficie total construída de 1.956,96 metros cadrados.

Cesións voluntarias

O proceso iníciase coa sinatura por parte dos concellos duns convenios en que se establecen as bases da cooperación co Sergas para a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e, para a asunción, por parte deste organismo, dos seus gastos de mantemento. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gasto de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve á escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

Pacto Local

Entre as actuacións recollidas no Pacto Local, acordo asinado en xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), atópase a asunción por parte da Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.

Isto concretouse nun protocolo formalizado entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre a asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, no cal se establece o procedemento a seguir para a cesión da propiedade -voluntaria para os municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA DESTINA 390.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DO VIH, A SIDA E AS DEMAIS INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL

- *Isto supón un incremento de 100.000 euros respecto da última convocatoria de axudas neste eido*
- *Os homes que teñen sexo con homes e os transexuais son os colectivos prioritarios*

A Consellería de Sanidade destinará un total de 390.000 euros ao financiamento de proxectos de saúde pública no eido da infección polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) e da síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) para o período 2017-2019. Isto supón un incremento de 100.000 euros respecto da última convocatoria de axudas neste eido.

Con ese obxectivo, o Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións a proxectos de accións de saúde pública relacionados coa infección polo VIH, a sida e as demais infeccións de transmisión sexual (ITS), realizados por entidades privadas sen ánimo de lucro.

As actividades obxecto de axuda deberán estar dirixidas a facilitar e fomentar o uso do preservativo nos colectivos máis vulnerables ás infeccións de transmisión sexual (ITS); a promover a realización da proba do VIH ás persoas con prácticas de risco; a desenvolver campañas efectivas de concienciación dirixidas á mocidade de persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e intersexuais (LGBTI); e a realizar campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxe postexposición.

Poderán estar destinadas tamén á realización de programas específicos de prevención do VIH para persoas que exercen a prostitución e aos seus clientes, e a persoas que viven co VIH; a programas de rúa que faciliten o acceso á información sobre o VIH/sida e aos servizos sanitarios; a actividades preventivas de transmisión do VIH por vía sexual; á educación para a saúde; a programas de loita contra o estigma e a discriminación de persoas afectadas por ITS; e, como novidade, a campañas divulgativas a través de redes sociais ou de apps de contactos.

Requisitos

Para poder acceder ás axudas, os proxectos débense realizar integramente en Galicia e ter como área xeográfica de actuación polo menos unha área sanitaria; dispor na Comunidade Autónoma polo menos dun local e dunha persoa contratada para desenvolver o proxecto; promover a distribución de preservativos e empregar material

divulgativo editado polas administracións ou valorado positivamente pola Consellería de Sanidade.

Por primeira vez, a orde que establece as condicións para estas subvencións incorpora dous criterios de valoración da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no seo das entidades que soliciten as axudas. Tamén se incorpora un novo colectivo como albo dos proxectos, o das persoas transexuais, que será un dos prioritarios.

Os interesados terán un prazo dun mes para presentar as solicitudes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. A tramitación administrativa farase integramente por vía electrónica e incorpórase, como criterio puntuable na baremación das solicitudes, o uso do galego no desenvolvemento xeral do proxecto e na elaboración da documentación.

A infección polo VIH e a sida constitúen un problema sanitario de primeira magnitude que nos últimos anos está experimentando cambios na evolución da epidemia en canto ás vías de transmisión e características da poboación afectada. Hoxe en día a transmisión por vía sexual é o mecanismo principal da súa expansión.

A XUNTA SACA A CONCURSO A LICITACIÓN DE DOUS HELICÓPTEROS PARA VIXILANCIA, LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN E SALVAMENTO MARÍTIMO

- *Este contrato, unha vez adxudicado, terá unha vixencia inicial de catro anos e o importe para este período ascende aos 33 millóns de euros*
- *Respecto do actual contrato en vigor, este novo concurso recolle a obrigatoriedade de contar con 20 pilotos para atender o servizo aéreo, fronte aos 18 que se exigen na actualidade*
- *Galicia continúa a ser a única comunidade autónoma cun servizo autonómico destas características, cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o inicio da tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento dos dous helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia, dependente da Consellería do Mar, para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Este novo contrato, unha vez adxudicado, terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe para este período é de case 33 millóns de euros. A empresa que resulte adxudicataria prestará o mesmo servizo de salvamento marítimo a través de medios aéreos que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1990, garantindo a cobertura no litoral galego os 365 días do ano, as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos. Este novo contrato entrará en vigor o vindeiro 1 de novembro, xa que o actual aínda está vixente ata o 31 de outubro.

Entre as novidades introducidas no concurso, cabe resaltar que, respecto do actual contrato en vigor, recolle a obrigatoriedade de contar con 20 pilotos para atender o servizo aéreo de gardacostas, fronte aos 18 que se exigen na actualidade. Así, dispórase de 2 pilotos máis a partir de novembro.

A Consellería do Mar xa sacara a licitación deste servizo no mes de abril deste ano. Tras quedar deserto, optouse por promover unha consulta pública ao mercado, co obxecto de solicitar información e definir mellor os aspectos técnicos e económicos deste novo contrato con respecto ao anterior.

Unha vez realizada a consulta pública, con base nos resultados acadados nela, procedeuse a axustar os importes estimados de custo do contrato e aproveitouse para modificar aqueles aspectos técnicos que redundasen no incremento da concorrência e na mellora da prestación dun servizo único en España e cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo.

Neste sentido, convén lembrar que Galicia é a única comunidade autónoma que conta cun Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon á disposición de Salvamento Marítimo do Estado os seus medios para actuar naquelas operacións e operativos nos que sexan requiridos. Este organismo, dependente da Consellería do Mar, encárgase da vixilancia, busca, salvamento e protección do medio mariño nas augas galegas. Para desenvolver os seus labores conta cos helicópteros Pesca 1, con base en Vigo, e co Pesca 2, con base en Celeiro. Ademais, dispón de diversos medios terrestres e marítimos distribuídos por todo o litoral galego.

A XUNTA INVESTIRÁ 32M€ EN COMPRA PÚBLICA INNOVADORA PARA MELLORAR OS SERVIZOS Á CIDADANÍA E IMPULSAR A COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL

- *O novo programa Innpulsa CPI busca consolidar Galicia como un referente neste instrumento que fomenta a innovación a través da contratación por parte da Administración de novas solucións e produtos*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), coordinará e asesorará os diferentes departamentos da Xunta para identificar novas iniciativas de alto impacto en áreas de interese aliñadas coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3)*
- *Ofrecerá apoio a pemes, clústers e centros de coñecemento para que poidan aproveitar as oportunidades de compra pública innovadora a nivel internacional*
- *Colaborarase coas entidades locais para a identificación de oportunidades de investimento conxunto neste ámbito*

A Xunta investirá preto de 32 millóns de euros en compra pública innovadora co obxectivo de mellorar os servizos que presta á cidadanía e impulsar o tecido empresarial, incrementando a súa competitividade e capacidade para chegar a novos mercados. Será a través do novo programa Innpulsa CPI que busca consolidar Galicia como un referente neste instrumento, que fomenta a innovación a través da contratación pública de novas solucións e produtos que permiten ofrecer desde a Administración unha mellor atención aos galegos e galegas.

A iniciativa recolle máis dunha decena de medidas, entre as que destaca a segunda convocatoria de compra pública innovadora, a través da cal a Axencia Galega de Innovación (Gain) coordinará e asesorará aos diferentes departamentos da Xunta para a presentación de propostas ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade para o cofinanciamento a través do programa operativo Feder plurirrexional de crecemento Intelixente (POCInt). Búscase así a identificación de iniciativas de alto impacto en novas áreas de interese aliñadas coa Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3).

A través da primeira chamada, a Xunta puxo en marcha mediante estes fondos europeos proxectos como Código 100, no ámbito da sanidade, e varias iniciativas relacionadas co polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados de Rozas, entre outros.

O programa Innpulsa CPI, en colaboración coa Amtega, inclúe diferentes medidas para estimular a demanda na propia Administración, como a posta en marcha do Observatorio de Innovación Pública, que funcionará como espazo de adestramento e experimentación, e diferentes iniciativas de formación especializada, ademais da

convocatoria dun premio dirixido ao funcionariado para incentivar as capacidades innovadoras na Administración pública.

No tocante ao tecido empresarial, ofrecerase apoio a compañías galegas, clusters, centros tecnolóxicos e universidades para que poidan aproveitar as oportunidades de compra pública innovadora a nivel internacional. Neste eido, prevese a posta en marcha da Alianza Galega pola CPI, na que participarán todos os axentes interesados e no marco da cal se desenvolverá o primeiro programa piloto con 10 empresas innovadoras interesadas en participar en procesos de CPI e mellorar as súas capacidades neste ámbito.

Promoverase ademais unha iniciativa para que as grandes empresas tractoras da economía galega fomenten a xeración de ideas que se poidan traducir en retos para compartir cos seus provedores, que desenvolverán solucións á medida.

Entre outras medidas, tamén se prevé a celebración en Galicia dun foro iberoamericano de compra pública innovadora, así como o desenvolvemento dun programa de apoio a esta modalidade de contratación con entidades locais para a identificación de oportunidades de investimento conxunto neste ámbito.

Galicia é pioneira na utilización deste instrumento e así, no período 2007-2013, a Comunidade executou preto do 40% de toda a compra pública innovadora que se contratou en España, en concreto 112 millóns de euros dun total de 293. No período 2014-2020, a Xunta está a executar xa proxectos de CPI por preto de 100 millóns de euros, aos que se sumará o orzamento da segunda convocatoria.

Ademais, a Administración autonómica foi recoñecida en dúas ocasións co Premio Nacional de Innovación na modalidade de compra pública innovadora, en concreto polos programas Innovasaúde e Hospital 2050 e o polo tecnolóxico e industrial de vehículos non tripulados de Rozas (Lugo).

Co novo programa Innpulsa CPI búscase seguir avanzando neste eido, mellorar os servizos públicos mediante a incorporación de bens e servizos innovadores, fomentar a innovación empresarial e favorecer a internacionalización da innovación a través do mercado público local como cliente de lanzamento.

CONECTA FICTION ACOLLEU REUNIÓNS DE NEGOCIO E PRESENTACIÓNS DE PROXECTOS POR UN VOLUME GLOBAL DE NEGOCIO DE 110 M€

- *A Xunta de Galicia, o Icxex e a Fundación SGAE promoveron a primeira edición deste evento, que congregou en Santiago de Compostela do 20 ao 23 de xuño, a case 400 profesionais do sector televisivo procedentes de 20 países de Europa, Latinoamérica e EE.UU.*

Os representantes de máis de 35 canles de televisión de referencia internacional e case 400 profesionais acreditados procedentes de máis de 20 países déronse cita en Santiago de Compostela do 20 ao 23 de xuño para asistir a Conecta Fiction. Neste primeiro encontro dedicado á coprodución de ficción televisiva (series e miniseries) entre Europa, Latinoamérica e Estados Unidos mantivéronse máis de 2500 reunións de traballo e presentáronse proxectos audiovisuais por un volume global de negocio de 110 millóns de euros. A Xunta de Galicia, o Icxex España Exportación e Investimentos e a Fundación SGAE, baixo a produción de *Inside Content*, promoveron esta primeira edición do evento para dar pulo a un sector creativo de base innovadora e cun elevado valor engadido.

A este encontro sectorial de creadores e produtores de TV acudiron un total de 35 canles nacionais e internacionais como Fox Networks Group, HBO, Netflix, Sony Pictures TV, TV Azteca, Univisión, RTP, RTVE, Atresmedia, Mediaset, Movistar+ ou a CRTVG, entre outras, buscando novos proxectos e ideas entre as propostas das produtoras e os creativos presentes no mercado. Estamos a falar duns 110 millóns de euros de negocio potencial, tendo en conta o número de proxectos presentados e o custo medio por proxecto dun capítulo de serie en franxa de máxima audiencia. A maiores, houbo tamén unha ampla presenza de prensa nacional e internacional, tanto xeral como especializada no audiovisual, que deu unha ampla cobertura a todo o evento, visibilizou ao sector audiovisual galego e difundiu os valores culturais de Galicia.

A participación galega

Un total de 18 compañías galegas: Abano Producións, Adivina Producións, Agallas Films, Bambú Producciones, Cinemar Films, Comarea, CTV, Ficción Producciones, Frida Films, Lady Bug Films, Portocabo, Pulsa Control Z, Ringo Rango, Sete Media, Vaca Films, Voz Audiovisual, Xamalú Films e Zenit TV participaron no evento. Así mesmo, estiveron presentes a CRTVG e diversas organizacións profesionais como o Clúster Audiovisual Galego ou a Asociación Galega de Produtoras Independentes.

No marco do encontro, presentouse o novo proxecto de Vaca Films e Portocabo, *Garbo*; logrouse un acordo entre a produtora portuguesa *Stop Line*, e a galega Agallas Films para a coproducción de *Oro negro*, e o proxecto galego-cubano de Ficción

Producciones , *Una casa en Amargura*, alzouse co premio ao desenvolvemento RTVE, entre outros fitos destacados.

Arxentina, país de honor

Nesta primeira edición, a organización decidiu propoñerlle ás autoridades do Instituto Nacional de Cine Arxentino o nomeamento como país de honor de Conecta FICTION. A decisión foi tomada polo vínculo especial do país austral con Galicia, pero tamén por ser un dos principais mercados de América Latina en canto a produción de series de ficción para televisión. A aposta e confianza recibidas de volta desde a Arxentina resultaron moi positivas para a promoción internacional do mercado.

De feito, o pasado día 23 de xuño asinouse un acordo institucional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto Nacional de Cine e Artes Audiovisuais de Arxentina (INCAA) para promover de xeito conxunto a creación audiovisual. En termos concretos, isto tradúcese na creación dunha coordinadora con representantes das dúas institucións, que deseñará e redactará convocatorias públicas de axudas ao desenvolvemento e á coprodución. O obxectivo é obter obras de calidade que reúnan elementos culturais dos dous territorios e favorezan o intercambio de talento técnico e artístico.

A XUNTA DESTINARÁ 1,7 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR OS GRUPOS OPERATIVOS NA EXECUCIÓN DE PROXECTOS INNOVADORES NO MEDIO RURAL

- *O Consello do Goberno galego aprobou unha orde de axudas da Consellería do Medio Rural para financiar iniciativas no ámbito agrícola e forestal dos grupos da Asociación Europea da Innovación (AEI)*
- *Neste ano 2017 conformáronse un total de 82 grupos, un 44% máis que na primeira convocatoria que se fixo para este fin*

A Xunta destinará un total de 1,7 millóns de euros para apoiar os grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI) na execución de proxectos innovadores no ámbito agrícola e forestal. O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a orde de axudas da Consellería do Medio Rural que ten como obxectivo fomentar a innovación no agro galego, en áreas prioritarias de actuación tales como a xestión sustentable dos recursos naturais, sistemas agrarios de produción, cadea agroalimentaria, bioeconomía ou aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) ao sector.

A Asociación Europea da Innovación é un instrumento administrado directamente pola Comisión Europea posto en marcha para contribuír á Estratexia Europa 2020 da UE. Persegue un crecemento intelixente, sustentable e integrador a través dunha rede que xunte produtores, axentes de innovación e axentes de dinamización do medio rural. Estes son os denominados grupos operativos (GO), destinatarios destas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Precisamente, neste ano 2017, conformáronse un total de 82 grupos, un 44% máis que na primeira convocatoria que se fixo para este fin (no 2016).

Estes grupos recibirán axudas por proxectos innovadores destinados a resolver un determinado problema no sector agrogandeiro e forestal. Trátase de fomentar e mellorar a competitividade das explotacións, á vez que aumenta a cooperación entre os distintos axentes implicados no desenvolvemento do rural galego. Do mesmo xeito, coa execución destes proxectos facilitarase a entrada no sector agrario de agricultores adecuadamente formados e, en particular, a remuda xeracional.

Estas achegas tamén contribuirán a impulsar un uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de produtos agrarios, a subministración e o uso de fontes renovables de enerxía e de subprodutos e residuos non alimentarios, para impulsar o desenvolvemento da bioeconomía.

Entre as iniciativas que recibiron apoio o pasado ano nesta liña de axudas atópanse as relacionadas coa mellora da produción e da calidade proteica das forraxes, co

valorización do aproveitamento silvopascícola en montes como ferramenta de prevención de incendios e de control do combustible, coa integración de datos multiespectrais e agroclimáticos na xestión dun viñado ou o estudo dunha planificación moderna dunha plantación de castiñeiros para froito en ecolóxico, entre outras.